

-Nestes tempos, nos cales os editores aconséllanlles aos escritores que non se excedan no número de páxinas e que non fagan tramas complicadas, até sorprende que saia do prelo unha novela das características de *Laura no deserto*. A este respecto: o que quería contar, só podía contalo deste xeito ou, para Vde., supuxo un esforzo literario engadido, deses que soamente se levan a cabo unha vez na vida dun escritor?

-A novela precisaba de todo ese percorrido e ambición para abranguer as vidas que eu quería contar, pero tamén teño que recoñecer que en ningún momento o meu editor puxo atrancos polo número de páxinas nin me meteu presión para rematar a obra. A nosa relación en todo o proceso tivo un carácter moi profesional que contribuíu a unha maior depuración do texto. Trátase dunha novela tan pensada, tan traballada que mesmo pasei un ano enteiro corrixindo, tirando moitísimas páxinas ao lixo, podando reiteracións e eivas que eu nunca vería sen a ollada atenta do editor. É unha sorte para calquera escritor compartir o traballo con profesionais que, dalgunha maneira, axudan a configurar a túa obra sen as presións do mercado.

-*Laura no deserto* era na súa orixe unha soa narración ou, dende o principio, Vde. concibiuna como a "confluencia" de varias historias?

-A estrutura da novela xa estaba toda na miña cabeza. Niso son moi meticuloso. E como sempre acontece nas miñas obras, non hai un proceso lineal; case todas elas teñen unha complexidade formal que se impón por riba da miña vontade. Pero, en todo momento, a pretensión consistía en que esa estrutura non atrancase a historia e mesmo a enriquecese. Así, durante meses, fun ordenando todo ese esqueleto a través de esquemas, árbores xenealóxicas, mapas, xeografías baleiras nas que situar a vida de tantos personaxes. É certo que, despois, no proceso de escrita foron aparecendo relatos novos e personaxes secundarios, pero a confluencia de todas as historias era un obxectivo marcado de inicio.

-Con poucas semanas aínda nos andeis das librerías, xa hai algúns críticos que afirman que *Laura no deserto* está chamada a ser un referente da literatura galega contemporánea: Como recibe o autor louvanzas deste calibre?

-Mentiría se non dixese que acollo esas críticas con moito orgullo e satisfacción, sobre todo cando lembro eses momentos paralizantes de dúbida e atrancos, que si os houbro, nos seis anos que me levou a novela. Evidentemente, todo escritor está interesado na opinión do lector e na do crítico, que é un lector especializado. Por iso, a coincidencia desas dúas olladas supón unha especie de ratificación do teu traballo. Non sei. Recoñezo que estaba un pouco asustado e as críticas tan positivas escorrentaron un pouco ese medo.

-Ata o de agora estámoslle a chamar novela a un libro que, ao mellor, non responde exactamente a esa definición no

senso de aquí hai varios rexistros estilísticos. Cre que a definición de novela é un termo que, a estas alturas, vale para *Laura no deserto* ou estamos xa nun momento no que cabe falar, sen complexos, de superación ou superposición de xéneros?

-É certo que a novela contemporánea ten unha realidade complexa e, aínda que *Laura no deserto* se vale desa superposición de subxéneros, tempos e espazos, en ningún momento está fóra do concepto clásico de novela. Si; hai unha morea de fórmulas narrativas que rompen a liña argumental con técnicas de contrapunto ou a superposición de narradores e puntos de vista. Mesmo boto man de diferentes tipos de novela, como poderían ser a novela de aprendizaxe, a policial, a histórica, a de reportaxe, a sentimental ou mesmo a intelectual. Non

obstante, esa diversidade de rexistros forma parte dun todo que eu sigo a entender exclusivamente como novela.

-Hai uns días, nunha entrevista en FARO DE VIGO, Ramón Reboiras dicía que a revolución nas comunicacións está a afectar a literatura que se fai hoxe. Á marxe das cuestións tecnolóxicas, de que xeito se sente afectado Vde. mesmo por esa revolución comunicativa na hora de escribir, de crear literatura?


-Estamos nun momento incerto, de cambio para o novelista. A mocidade de hoxe, alfabetizada dixitalmente, está acostumada a interactuar. Poida que a literatura do futuro vaia máis por aí, na procura do hipertexto, onde as novelas acollan a súa propia enciclopedia. Non o sei. En todo caso, sospeito que este tipo de literatura será máis lúdica que estética. Eu levo moitos anos apegado a un

portátil que, xa no seu momento, supuxo unha mellora substancial para o escritor, sobre todo, no tempo, na corrección e ordenación de material. Agora, con Internet e eses dispositivos portátiles, o mundo estreitase e fai moito máis doado ceibar a imaxinación, porque todo semella estar ao dispor dunha tecla. Por exemplo, nalgunha das múltiples localizacións de *Laura no deserto*, a precisión que poida haber no tempo dos paseos que dan moitos dos personaxes, ten unha débeda importante co Google Maps. Internet é un instrumento que facilita todo moitísimo.

-A literatura galega actual reflicte, en xeral, a sociedade na que vive ou, ao mellor, resulta que de tanta memoria histórica estémonos a esquecer de que existe un presente sobre o que escribir?

-Coido que en todas as literaturas sem-

Antón Riveiro Coello, autor de "*Laura no deserto*". // FOTO: EDUARDO CASIRIO VAL



Antón Riveiro Coello - ESCRITOR

## "Todas as literaturas teñen un déficit de presente"

*Poucas veces acontece, pero si que acontece: Con arredor dun mes e algo dende a súa posta á venda nas librerías, Laura no deserto (Editorial Galaxia), a última novela de Antón Riveiro Coello, xa se está a gañar, segundo a crítica especializada, un lugar de referencia na narrativa galega contemporánea. A obra preséntase na "Casa do Libro" de Vigo o vindeiro mércores, 7 de marzo.*

LOURDES VARELA

pre hai un déficit de presente, porque o escritor precisa de certa distancia para afrontar os feitos dun xeito máis reflexivo. Con todo, aínda que as nosas novelas traten espazos e escenarios de tempos afastados, o presente sempre se entremezcla nelas e a nosa ollada do pasado é unha ollada dende o presente, condicionada pola nosa forma de pensar actual, coa nosa opción política e filosófica de entender o mundo.

-Paradoxalmente, mentres a lingua galega non vive precisamente uns bos momentos (o da normalización semella moi lonxe), a literatura galega atravesa unha etapa plétórica de bos autores e boas obras. Como explica Vde. esta aparente contradición?

-A altura da nosa literatura non é algo espontáneo, senón que é consecuencia dunha longa tradición e un percorrido de moitos anos. A condición do escritor galego segue a ser, despois de tantos anos, a de resistente. Coido que foi Suso de Toro quen dixo que a literatura galega é un hóspede indesexado dentro do seu propio país. É probable que nunca houbera tantos lectores na nosa lingua como na actualidade, pero está claro que o destino dunha literatura adoita ir parello ao da súa lingua e, polo tanto, haberá que coidar esta se queremos que a primeira siga a dar os seus froitos no futuro.